

REGULAMENTO DOS TRABALLOS DE FIN DE GRAO DA TITULACIÓN DE GRADUADO EN CRIMINOLOXÍA POLA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

O Real Decreto 1393/2007, do 29 de outubro, polo que se establece a ordenación das ensinanzas universitarias oficiais, establece no seu artigo 12.3 que “estas ensinanzas concluirán coa elaboración e defensa dun traballo de fin de Grao”, engadindo o artigo 12.7 que “o traballo de fin de Grao terá entre 6 e 30 créditos, deberá realizarse na fase final do plan de estudos e estar orientado á avaliación de competencias asociadas ao título”, sen recoller máis previsións sobre o proceso de elaboración e avaliación do traballo, que, en consecuencia e no exercicio da súa autonomía, deberá ser regulado por cada Universidade.

O Real Decreto 1791/2010, do 30 de decembro, polo que se aproba o Estatuto do estudante universitario, dispón no seu artigo 27 que “os proxectos de fin de carreira, traballos de fin de grao e mestrado, así como as teses de doutoramento, rexeranse pola súa normativa específica”. Así mesmo, nas liñas g) e h) do artigo 8 recóllense os dereitos específicos dos estudantes de grao en relación co traballo de fin de grao e no artigo 30 o dereito á revisión das cualificacións.

A Normativa de matrícula, elaboración e defensa dos traballos de fin de Grao e fin de Máster da Universidade de Santiago de Compostela, aprobada polo Consello de Goberno do 10 de marzo de 2016, regula un marco xenérico para o desenvolvemento dos traballos de fin de Grao en todas as titulacións da Universidade de Santiago de Compostela, incorporando ao texto orixinal (aprobado en sesión ordinaria do Consello de Goberno de 2 de maio de 2013), varias modificacións. Xa que logo, é preciso adaptar o presente regulamento á nova normativa. En concreto, no artigo 6.7 da mesma, regúlase a posibilidade de que na normativa de traballos de fin de Grao dos centros cunha elevada *ratio* de alumnos por profesor pode recollese outro tipo de avaliación alternativa ou complementaria á do tribunal. Tendo en conta que a Facultade de Dereito se atopa nesta situación, o presente regulamento acolle dita posibilidade.

A Memoria verificada da titulación de graduado en Criminoloxía pola Universidade de Santiago de Compostela sinala no seu apartado 5.1, relativo á planificación das ensinanzas, que “ao traballo de fin de Grao asígnaselle unha carga de 9 ECTS. Os alumnos deberán realizar un traballo no que demostren as competencias adquiridas ao longo da titulación. A Facultade fará cada curso unha oferta de traballos, tendo en conta os contidos formativos incluídos no plan de estudos, e de titores. Os alumnos seleccionarán o tema do traballo dentro desa oferta e o titor ou titores serán designados a cada alumno en función do contido do traballo e da capacidade docente do profesorado. A avaliación levarase a cabo sobre a base dun informe de valoración emitido polo titor”.

En desenvolvemento das disposicións citadas, a Xunta da Facultade de Dereito, en exercicio das competencias que lle atribúen os Estatutos da Universidade de Santiago de

Compostela e a Normativa de matrícula, elaboración e defensa dos traballos de fin de Grao e fin de Máster da Universidade de Santiago de Compostela, aproba o seguinte Regulamento dos traballos de fin de Grao da titulación de graduado en Criminoloxía pola Universidade de Santiago de Compostela:

CAPÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 1. Obxecto e ámbito de aplicación

1.1. Este Regulamento contén as normas relativas á definición, elaboración, presentación, avaliación e tramitación administrativa do traballo de fin de Grao previsto no plan de estudos da titulación de graduado en Criminoloxía pola Universidade de Santiago de Compostela, de acordo coas directrices establecidas pola Normativa de matrícula, elaboración e defensa dos traballos de fin de Grao e fin de Máster da Universidade de Santiago de Compostela.

1.2. O contido deste Regulamento integrarase co resto de regulamentacións e procedementos da Universidade de Santiago de Compostela que se atopen en vigor, en particular no que se refire ao sistema de avaliación, ao recoñecemento e á transferencia de créditos e á mobilidade de estudantes.

Artigo 2. Características do traballo de fin de Grao

2.1 O traballo de fin de Grao forma parte do plan de estudos da titulación de graduado en Criminoloxía pola Universidade de Santiago de Compostela cunha carga lectiva de 9 ECTS.

2.2. O traballo de fin de Grao supón a elaboración por parte de cada estudante, ben de forma individual ou en grupo, dun traballo ou proxecto académico orixinal no que debe demostrar as competencias adquiridas ao longo da titulación e que inclúe, como mínimo, tarefas de busca e revisión bibliográfica, lectura e integración de información, elaboración de información relevante, redacción, presentación e defensa.

2.3. Cando o traballo de fin de Grao consista nun traballo escrito este terá un mínimo de 75.000 e un máximo de 100.000 caracteres, incluídos espazos en branco, e excluídos, de ser o caso, as notas a pé de páxina e os anexos documentais que non se integren na estrutura do traballo definida no punto 4 deste artigo, e en tamaño DIN A4.

2.4. A estrutura do traballo debe conter:

- a) Título.
- b) Palabras chave.
- c) Resumo de 300 palabras como máximo.

- d) Índice completo.
- e) Introducción.
- f) Desenvolvemento debidamente epigrafiado.
- g) Conclusións.
- h) Relación da bibliografía e dos demais materiais e fontes documentais empregados na súa elaboración.

2.5. No traballo escrito seguirase calquera dos sistemas de citacións de entre os aceptados no eido das ciencias sociais e xurídicas.

2.6. O traballo de fin de Grao pode consistir tamén nun proxecto, entendendo por tal os *traballos de tipo experimental, de perfil práctico ou de aplicación profesional*. Neste caso, o proxecto deberá acompañarse dunha memoria que terá un mínimo de 30.000 e un máximo de 50.000 caracteres, incluídos espazos en branco, e excluídos, de ser o caso, as notas a pé de páxina e os anexos documentais que non se integren na estrutura do proxecto. A estrutura da memoria debe conter:

- a) Descrición do suposto de feito ou delimitación do obxecto de estudo.
- b) Exposición de alternativas plantexadas.
- c) Metodoloxía de investigación empregada.
- d) Propostas e conclusión acadadas e valoración e fundamentación das elixidas.
- e) Bibliografía consultada.

Asemade a memoria pode acompañarse doutros elementos ou documentos gráficos, audiovisuais ou dixitais.

Os proxectos poderán axustarse, entre outros, a algunha das seguintes tipoloxías: a) traballos experimentais, de toma de datos de campo (por exemplo enquisas) ou de laboratorio; elaboración de guías prácticas ou de informes natureza profesional; b) traballos derivados das experiencias desenvolvidas en prácticas externas, sempre que non coincidan có material presentado para avaliar as ditas prácticas; c) elaboración de plans de seguridade e prevención da delincuencia

2.7. No caso de traballos en grupo, non poderán ser realizados por máis de 3 alumnos para garantir unha defensa correcta. Non obstante, seguindo a normativa, os titores poden coordinar proxectos entre varios traballos individuais, desde distintos tratamentos ou enfoques, cuns mesmos obxectivos e resultados de produción converxentes. Neles cada integrante do grupo responsabilizarase dunha parte do traballo, a cal deberá axustarse na súa extensión e características ó previsto para os traballos individuais. O feito de que algún ou algúns dos alumnos/as non reunisen os requisitos esixidos por este regulamento para a súa presentación, non impedirá ós restantes alumnos/as que poidan presentar para a súa defensa o TFG.

Nos traballos ou proxectos en grupo, xunto á memoria escrita, os alumnos engadirán un comentario de un máximo de 5 páxinas por persoa (1.500 palabras) no que se indicará: nome e apelidos do alumno, e en epígrafes separados: a) as funcións e tarefas desempeñadas no traballo ou proxecto polo alumno, b) os procedementos empregados polo alumno, c) a experiencia e capacitación obtida e d) unha crítica construtiva respecto do traballo ou proxecto realizado en grupo, indicando as posibles discrepancias ou propostas persoais que mellorarían dito traballo.

2.8. No caso dos traballos en grupo, ben sexa na categoría de traballos escritos ou de proxectos, será a Comisión do TFG quen, vista a proposta dos alumnos e a autorización do titor ou titores, considere idónea ou non a proporción de alumnos con respecto ás tarefas do traballo que se vaia realizar. A Comisión, se é o caso, informará ao titor ou titores da súa resolución para que este ou estes procedan ao axuste da proposta e resolva en prazo.

2.9. A redacción do traballo de fin de Grao, así como a súa presentación, pódense efectuar en calquera dos idiomas que se utilizaron na impartición do Grao conforme ao disposto na memoria de verificación do título, sempre que se poidan establecer tribunais de avaliación competentes nas devanditas linguas. En todo caso, garantirase o dereito a elaborar e presentar os traballos en calquera dos dous idiomas oficiais da Comunidade Autónoma.

CAPÍTULO II

Órganos competentes

Artigo 3. A Comisión dos traballos de fin de Grao

3.1 A Comisión de Docencia e Calidade da Xunta da Facultade de Dereito actúa como Comisión dos traballos de fin de Grao, encargada da xestión de todo o proceso dos traballos de fin de Grao na titulación de graduado en Criminoloxía.

3.2 Son funcións da Comisión dos traballos de fin de Grao:

- a) Propoñer a guía docente dos traballos de fin de Grao.
- b) Establecer a convocatoria anual dos traballos de fin de Grao.
- c) Aprobar a proposta das liñas temáticas e a súa asignación.
- d) Decidir sobre a modificación de tema e de titor ou titora asignado previa consulta ao Departamento afectado.
- e) Aprobar, no seu caso, formularios que faciliten a presentación e xestión dos traballos de fin de Grao.
- f) Autorizar a presentación dos traballos de fin de Grao en casos excepcionais.
- g) Establecer as datas de presentación dos traballos de fin de Grao dentro do período determinado polo calendario académico e a convocatoria anual dos traballos fin de Grao.

- h) Resolver calquera incidencia relativa aos traballos de fin de Grao que non sexa competencia da Xunta de Facultade nin do Coordinador ou Coordinadora dos traballos de fin de Grao.
- i) Exercer cantas outras funcións que a Xunta da Facultade de Dereito lle encomende en relación coa xestión dos traballos de fin de Grao.

Artigo 4. O Coordinador ou Coordinadora dos traballos de fin de Grao

1 O coordinador ou coordinadora do Grao en Criminoloxía actúa como Coordinador ou Coordinadora dos traballos de fin de Grao na titulación de graduado en Criminoloxía.

2 Son funcións do Coordinador ou Coordinadora dos traballos de fin de Grao:

- a) Distribuír, no seu caso, os alumnos e alumnas entre os tribunais de avaliación de acordo coa temática dos traballos de fin de Grao, procurando o equilibrio entre o número de traballos asignados a cada tribunal.
- b) Fixar e publicar a data, hora e lugar da constitución de cada tribunal de avaliación, e de presentación dos traballos, de acordo coas datas de establecidas pola Comisión dos traballos de fin de Grao.
- c) No caso de que avalíe o titor/a ou tutores, o Coordinador ou Coordinadora dos traballos de fin de Grao remitiralle o traballo e fixará e publicará, de acordo con el/ela, a data, hora e lugar de presentación do mesmo.
- d) En xeral, promover unha xestión eficaz dos extremos regulados neste Regulamento e exercer cantas funcións lle encomende a Comisión dos traballos de fin de Grao co mesmo obxecto.

CAPÍTULO III

Autoría dos traballos de fin de Grao

Artigo 5. Autoría dos traballos de fin de Grao

1. O traballo de fin de Grao é elaborado de xeito individual ou en grupo por cada un dos alumnos e alumnas matriculados en forma e prazo.
2. A titularidade dos dereitos de propiedade intelectual corresponde ao autor/a ou autores do traballo de fin de Grao.
3. A Comisión de Docencia e Calidade poderá propoñer, a petición do titor/a ou tutores ou do Tribunal cualificador, a publicación dos traballos de fin de Grao que destaquen pola súa calidade no repositorio institucional da USC (Minerva), e en especial propoñeranse os dos/as alumnos/as que acaden a mención de matrícula de honra nesta

materia. Neste sentido, é necesario que o alumno/a asine a autorización á que se refire o punto 3 do artigo 11.

Artigo 6. Obrigas do estudantado

Son obrigas específicas do estudantado en relación cos traballo de fin de Grao:

- a) Informar ao titor/a ou titores da evolución do traballo de fin de Grao.
- b) Asistir ás titorías programadas polo titor/a ou titores.
- c) Elaborar e presentar un traballo de fin de Grao orixinal e inédito nos termos establecidos neste Regulamento, polo que o alumno/a ou alumnos responden da autoría e orixinalidade da obra.

CAPÍTULO IV

Tutela académica

Artigo 7. O profesorado e o traballo de fin de Grao

7.1. O traballo de fin de Grao debe ter un titor/a ou titores que asista ao alumno/a ou alumnos na elaboración do traballo. Por razóns xustificadas, e previa a petición do alumno/a ou alumnos a Comisión dos traballos de fin de Grao poderá designar outro titor/a, un cotitor/a ou, excepcionalmente, dous cotitores/as.

7.2. O titor ou titora será ordinariamente persoal docente e investigador das áreas de coñecemento que teñan adscrito o traballo de fin de Grao na titulación de graduado en Criminoloxía

7.3. As tarefas de titorización, avaliación e cualificación dos traballos de fin de Grao forman parte das obrigas docentes do profesorado.

Artigo 8. Obrigas do titor ou titora

Son obrigas específicas do titor ou titora do traballo de fin de Grao:

- a) Fixar o tema concreto do traballo dentro da correspondente liña temática de acordo co alumno/a.
- b) Expoñerlle ao alumno/a as características do traballo de fin de Grao e orientalo na súa elaboración.
- c) Realizar un seguimento da elaboración do traballo de fin de Grao e velar polo cumprimento dos obxectivos fixados.
- d) Emitir informe preceptivo previo á defensa do traballo de fin Grao.

CAPÍTULO V

Oferta de titores e liñas temáticas e asignación dos traballos de fin de Grao

Artigo 9. Procedemento para a oferta de titores e liñas temáticas

9.1. A Xunta de Facultade, ao aprobar a proposta de Plan Docente Anual do seguinte curso académico, fixa o número de traballos que lle corresponderá a cada área de coñecemento que teña adscrito o traballo de fin de Grao na titulación de graduado en Criminoloxía, respectando un límite mínimo de dous traballos por profesor/a a tempo completo e un traballo por profesor/a a tempo parcial, e un límite máximo de cinco e dous traballos ou proxectos, respectivamente.

9.2. Os Departamentos, dentro do prazo para aprobar o Plan de Ordenación Docente para o seguinte curso académico, comunican ao Decanato os profesores e profesoras asignados ao traballo de fin de Grao e a oferta de liñas temáticas por área de coñecemento.

9.4. A Comisión dos traballos de fin de Grao aprobará e fará pública unha listaxe coas liñas temáticas e os correspondentes titores e titoras, así como co número de estudantes que poden escoller cada liña temática.

9.5. Se o número efectivo de estudantes matriculados requirise modificacións na oferta inicial, será competencia da Comisión de traballos de fin de Grao tramitar ditas modificacións, garantindo en todo caso o equilibrio entre as áreas de coñecemento que teñan adscrito o traballo de fin de grao na titulación de graduado en Criminoloxía.

Artigo 10. Procedemento para a asignación de traballo de fin de Grao

10.1. Dentro do mes de outubro, o Coordinador ou Coordinadora dos traballos de fin de Grao convocará unha reunión cos alumnos e alumnas matriculados na que deberán elixir liña temática e titor/a.

10.2. Na devandita reunión, que se celebrará non máis tarde do 30 de outubro, chamarase aos alumnos/as para elixir por orde da nota media simple dos seus expedientes académicos multiplicada polo número de créditos que teñan superados na titulación, cun máximo de 180 créditos. No caso de empate realizarase no momento un sorteo para determinar a orde de elección.

10.3. Os alumnos e alumnas que se matriculen con posterioridade elixirán consonte aos mesmos criterios establecidos no apartado anterior, en convocatorias posteriores.

10.4. O Coordinador ou Coordinadora dos traballos de fin de Grao notificará individualmente, por medios electrónicos, a cada profesor ou profesora as asignacións que lle afecten e publicará no taboleiro de anuncios da Facultade de Dereito unha listaxe con todas as asignacións realizadas.

10.5. A asignación de liña temática e de titor ou titora ten unha validez de dous cursos

académicos. Unha vez transcorrido ese prazo sen que o traballo fose avaliado positivamente, o alumno ou alumna deberá someterse a un novo proceso de asignación.

10.6. De xeito excepcional, no caso de suspender a materia, o alumno/a poderá solicitar á Comisión de traballos de fin de Grao a oportunidade de participar nun novo proceso de asignación de traballos de fin de Grao.

CAPÍTULO VI

Presentación e avaliación do traballo de fin de Grao

Artigo 11. Requisitos para a presentación

11.1. A presentación do TFG, ben sexa perante titor/a, ben perante tribunal, farase a través da Secretaría Virtual do/a alumno/a, segundo o procedemento que alí se estableza.

11.2. Os/as autores/as dos traballos de fin de Grao, deberán asinar o correspondente documento para autorizar, no seu caso, a súa difusión no repositorio institucional da USC (Minerva), no que declaren que se trata dun traballo orixinal, que non está suxeito a restricións, tales como co-titularidade, dereitos de propiedade industrial ou cláusulas de confidencialidade con empresas.

Artigo 12. Requisitos para a avaliación

12.1. Os traballos de fin de Grao só poden ser presentados e avaliados unha vez que se teña constancia de que o alumno ou alumna superou todos os ECTS necesarios para a obtención do título de graduado en Criminoloxía, agás os correspondentes ao propio traballo.

12.2. O Coordinador ou Coordinadora dos traballos de fin de Grao verificará que se cumpren estes requisitos para autorizar a súa presentación. Para estes efectos, no caso de que na data de presentación aínda non se recepcionasen todas as actas de exame das materias, o Secretario ou Secretaria da Facultade solicitará do profesorado encargado das materias que informe sobre as cualificacións do alumnado que vaia presentar os traballos na mesma convocatoria. Estes informes teranse en conta no momento da avaliación dos traballos de fin de Grao.

Artigo 13. O informe do titor ou titora

13.1. Tanto no caso de que o traballo de fin de Grao sexa avaliado por un Tribunal como no caso de que sexa avaliado polo titor/a ou titores, estes/as emitirá informe no que indicará se se cumpren os requisitos formais do artigo 2 deste Regulamento, se existen defectos substantivos insubsanables e calquera outra incidencia producida ao longo da titorización que considere oportuno reflectir para os efectos da avaliación do traballo de fin de Grao.

13.2. O informe entregárase na Secretaría do Decanato con polo menos tres días lectivos de

antelación con respecto á data de defensa do traballo.

Artigo 14. O tribunal de avaliación

14.1. Todo o persoal docente e investigador das áreas de coñecemento que teñan adscrito o traballo de fin de Grao da titulación de graduado en Criminoloxía está obrigado a formar parte dos tribunais de avaliación destes traballos.

14.2. A determinación do número de tribunais en cada convocatoria e a designación dos seus membros é competencia da Xunta de Facultade, por proposta dos Departamentos aos que pertencen as áreas de coñecemento que teñan adscrito o traballo de fin de Grao.

14.3. Cada tribunal está formado por tres membros titulares e tres suplentes. Os titores e titoras dos traballos de fin de Grao poden formar parte dos tribunais de avaliación dos traballos que titoricen. A participación nos tribunais é obrigatoria para as persoas nomeadas, agás causa debidamente acreditada e notificada con antelación suficiente.

14.4. Nas actuacións do tribunal actuará como Presidente o membro de maior categoría e máis antigo e como Secretario o de menor categoría e máis novo. Este criterio non se verá alterado no caso de actuar algún/s membro/s suplente/s.

14.5. Conformarase polo menos catro tribunais de avaliación, tendo en conta as liñas temáticas xerais dos traballos, e terán sede na Facultade de Dereito. Os Departamentos, antes do final do mes de novembro de cada ano, propoñerán os membros do correspondente tribunal de avaliación, procurando a rotación dos docentes dun curso a outro e dando preferencia a aqueles que non teñan asignada tutela académica de traballos de fin de Grao ou cuxa carga docente sexa menor.

Artigo 15. Presentación dos traballos de fin de Grao

15.1 O acto de presentación é realizado polo alumno/a ou alumnos/as en sesión pública na data e hora asignada. No caso de tratarse dun traballo ou proxecto realizado por varios alumnos/as, todos eles deben participar activamente no acto da súa defensa.

15.2 A presentación do traballo consiste nunha exposición oral na que se indicará o tema desenvolto, o método seguido e as principais conclusións, cunha duración máxima de quince minutos por alumno. De seguido,

a. No caso de que avalíe un tribunal, o Presidente abrirá un debate entre os membros deste e o alumno/a sobre o traballo ou proxecto presentado e a exposición realizada, por un tempo máximo de quince minutos, ou ben

b. No caso de que avalíe o titor/a, este formulará ao alumno/a as preguntas que, no seu caso, considere pertinentes sobre o traballo ou proxecto presentado e a exposición realizada, por un tempo máximo de quince minutos.

15.3 No caso de que o alumno/a, ou algún dos alumnos/as, no caso de ser un traballo ou proxecto colectivo, non compareza ao acto de presentación, a cualificación será “non presentado”.

Artigo 16. Criterios de avaliación

16.1. Celebrado o acto de presentación pública do traballo de fin de Grao, o tribunal de avaliación valorará de 0 a 10, e o titor/a de 0 a 8, en consideración ós seguintes aspectos do traballo de fin de Grao:

- a) Contido do traballo ou proxecto, o que inclúe o cumprimento dos obxectivos propostos, a orixinalidade, a adecuación e desenvolvemento das tarefas formuladas, as dificultades e as conclusións, entre outros aspectos.
- b) Presentación escrita do traballo de fin de Grao, o que inclúe a estruturación, a redacción e a corrección ortográfica, entre outros aspectos.
- c) Exposición oral e debate co tribunal de avaliación, o que inclúe a concisión, a claridade, o cumprimento do tempo establecido e a defensa do traballo ou proxecto, entre outros aspectos; ou ben resposta das preguntas formuladas, no seu caso, polo titor/a.

16.2. A cualificación final outorgada ao traballo de fin de Grao obtense de acordo coa seguinte puntuación:

- a. No caso de que avalíe o tribunal:
 - a) Contido do traballo: De 0 a 4.
 - b) Presentación escrita: De 0 a 3,5.
 - c) Exposición oral e debate co tribunal de avaliación: De 0 a 2,5.
- b. No caso de que avalíe o titor/a:
 - a) Contido do traballo: De 0 a 3,2.
 - b) Presentación escrita: De 0 a 2,8.
 - c) Exposición oral e resposta ás preguntas que, no seu caso, lle formule o titor/a ou titores: De 0 a 2.

16.3. Para outorgar a cualificación final a cada traballo de fin de Grao os tribunais de avaliación terán en conta o informe do correspondente titor/a ou titores, que non terá carácter vinculante.

16.4. A cualificación final é a resultante ben da media aritmética, expresada cun só decimal, das cualificacións atribuídas por cada un dos membros do tribunal de avaliación (tribunal de avaliación), ou ben da puntuación outorgada polo titor/a ou titores (avaliación polo titor/a ou titores).

CAPÍTULO VII

Publicación e revisión das cualificación

Artigo 17. Publicación das cualificacións

O profesor ou profesora que actúe como Secretario do tribunal de avaliación fará públicas as cualificacións nun prazo máximo de tres días lectivos desde a data de defensa dos traballos.

Artigo 18. Revisión das cualificacións

No momento de facer públicas as cualificacións, o tribunal de avaliación fixará as datas de revisión das mesmas consonte o establecido na normativa da Universidade de Santiago de Compostela sobre esta materia.

CAPÍTULO VIII

Matrículas de Honra

Artigo 19. Matrículas de Honra

Unha vez rematada a última convocatoria para a presentación dos traballos de fin de Grao do curso académico, a Comisión dos traballos de fin de Grao, oídas as propostas dos distintos tribunais de avaliación, pode outorgar “Matrícula de Honra” a aqueles traballos que obtivesen unha cualificación igual ou superior a 9, sen que o número de matrículas de honra poida exceder do límite establecido pola normativa da Universidade.

DISPOSICIÓNS FINAIS

Primeira. Disposicións de desenvolvemento e resolución de dúbidas interpretativas

Corresponde á Comisión de Docencia e Calidade aprobar cantas disposicións sexan necesarias para o desenvolvemento e interpretación deste Regulamento, así como resolver as dúbidas que xurdan na súa aplicación.

Segunda. Entrada en vigor

Este Regulamento entrará en vigor ao día seguinte ao da súa publicación no taboleiro de anuncios da Facultade de Dereito.

DILIXENCIA

Para facer constar que o presente Regulamento dos traballos de fin de Grao da titulación de graduado en Criminoloxía pola Universidade de Santiago de Compostela foi aprobado pola Xunta da Facultade de Dereito na súa reunión ordinaria do 21 de maio de 2018 e publicada no taboleiro de anuncios da Facultade o día 28 de novembro de 2018.

Foi modificado pola Xunta de Facultade de Dereito na reunión ordinaria de 30 de abril de 2019, publicada no taboleiro de anuncios da Facultade o día 2 de maio de 2019

Foi modificado pola Xunta de Facultade de Dereito na reunión ordinaria de 26 de xaneiro de 2021, publicada no taboleiro de anuncios da Facultade o día 28 de xaneiro de 2021

Foi modificado pola Xunta de Facultade de Dereito na reunión ordinaria de 2 de abril de 2024, publicada no taboleiro de anuncios da Facultade o día 26 de abril de 2024

A Decana

Ana Gude Fernández

Sinatura dixital / Firma digital / Digital signature

Asinante/Firmante/Signer: ANA MARIA GUDE FERNANDEZ, NIF ***2166**, 26/04/2024 12:26:51.

CSV: 561D-28B9-4793-B04A